



Sãhara en Galicia: silencio?

Description



A pasada fin de semana, 4-6 abril, no Verbum-Casa das Palabras vigués, celebráronse as III Xornadas Estatais do proxecto **“Vacacións en paz”** (Foto: ©Fernando Pol).

Se o Sáhara Occidental está partido en dous por un muro construído por Marrocos que vai de Norte a Sur, parece que un muro de silencio impide difundir como se merecen noticias relacionadas co Sáhara que teñen lugar estes días en Galicia.

Esta próxima fin de semana, 12 e 13 de abril, celebrarase no Parlamento de Galicia a XII Conferencia dos Intergrupos Parlamentarios **“Paz y Libertad para el Pueblo Saharaui”**. Esta noticia ven de sumarse a outro acto celebrado tamen no noso país, a pasada fin de semana, 4-6 abril, neste caso no Verbum-Casa das Palabras vigués, as III Xornadas Estatais do proxecto **“Vacacións en paz”**.

A reunión que terá lugar no noso Parlamento é extraordinariamente importante; non porque sexa tal vez a primeira vez que se celebre tal conferencia dos intergrupos parlamentarios autonómicos e das Cortes Xerais en Galicia. Non, é que agora **“co novo goberno Zapatero en vías de comezar unha nova etapa”** debe ser o momento da firmeza ante as continuas violacións dos dereitos humanos por parte de Marrocos, e impedindo a presenza regular de comisións de parlamentarios autonómicos nese territorio ocupado que todos levamos no corazón.

O presidente dos Intergrupos Parlamentarios en España, o senador valenciano e ex deputado autonómico Andrés Perelló, declarou recentemente que van a pedir ao presidente Zapatero que sexa **“esensible e solidario con ese pobo, que tamén sofre como outros pobos da Terra cos que somos solidarios”**. Na convención de parlamentarios, afirmou Perelló, coordináronse **“accións en pro dun pobo que leva 32 anos nun campo de refuxiados, da súa dignidade e das súas liberdades nacionais”**.

Programa da reunión do Intergrupo

A reunión comezará o sábado 12 coa presentación a cargo do presidente do Intergrupo, Andrés Perelló, e despois haberá un informe do delegado da RASD en España, Bucharaiá Hamudi, ao que seguirán outras comunicacións e o debate sobre a resolución final, onde agardamos que os parlamentarios galegos do BNG, PP e PSOE podan plasmar o sentimento de apoio que sente a inmensa maioría do pobo galego.

III Xornadas Estatais do proxecto **“Vacacións en paz”**

A outra noticia, ocorrida a semana pasada foi, como indicaba a reunión de representantes das centos de asociacións pro-Sáhara que hai no Estado español, dos delegados saharauis en cada comunidade autónoma, e de membros do goberno

da RASD, neste caso o ministro de Xuventude e Deporte.

O programa Vacacións en Paz , iniciado xa hai 13 anos traerá a case 9.000 nenos de 7-12 anos desde os campamentos de Tinduf, para pasar 2 meses lonxe do deserto. Xa temos falado noutra ocasión que hai luces e sombras neste programa, que ten fallos e que a acollida que facemos destes nenos ten causas coas que non estamos de acordo. Pero todo iso son miserias e pequenezes que non enturbian o obxectivo central que é amosar a solidariedade con estes nenos que viven no deserto en condición lamentables.

Nesta reunión de Vigo tivemos ocasión de coñecer a marcha da delegada saharai en Galicia, Fathma, a *embaixadora* saharai, tras anos de presenza en Galicia, para un novo destino en Euzkadi. Que o vento mareiro guíe os seus pasos!

Tamén creo que o esforzo que fai a asociación galega, Solidariedade Galega co Pobo Saharai, neste proxecto merece salientarse: 800 nenos, case o 10% do total dos que se acollen no Estado, que reflexa o apoio que as administracións municipais e a sociedade galega manifestan á causa saharai, pero tamen o grandísimo esforzo que os delegados da asociación, repartidos por toda Galicia fan de modo incansable.

Xa se sabe que centrar nun nome o agradecemento é sempre unha forma de esquecer aos demais, pero creo que ninguén da asociación se molestará se dou os parabéns a Bernardo Porto, presidente de Solidariedade Galego Pobo Saharai, un exemplo para todos os que nos movemos no ámbito da solidariedade.

Finalizo, unha vez máis pedindo: Xustiza para o Sáhara!

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

África ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Abril 11, 2008

Meta Fields

Autoria : 10032

Datapublicacion : 2008-04-11 00:00:00